

Nena se te collo no prado
como te collín máis veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses.

Hai ruada
vide mozos e mozas
á fuliada.

Ó redor da pena
gadañas e Eíris
e non encontramos
nosa santa tan bella
como esta d'Iris.

Os que romperon a Santa
se deberon volver monos
para tirar ca Santa
e deixar queda-los demonios.

O cura e maila criada
ordenaron de cocer
os toxos estaban no monte
A fariña por moer.

Esta noite hei d'ir aló
déixam'o o poxigho aberto
se che encontro cerrado
o teu cariño non é certo.

As costureiras que andan
a coser polas aldeas
están ghordas como bestas
co pan das casas alleas.

Loche ni sardiñas
no quieren tomare
quieren carne ghuevos
para calientare.



Zoqueiro faim'unhas zocas
faimas de pau d'ameneiro
e faimas ben cavadiñas
para pasa-lo regheiro.

Acabarons'as vendimias
e veñen as esfoliadas
para comer coas nenas
catro castañas asadas.